

Artigo 6. *Medidas de aplicación.*

Os departamentos ministeriais dos que dependan servizos públicos ós que afecten estas medidas disporán o necesario para o seu cumprimento.

Disposición derradeira primeira. *Identificación da dobre hora do derradeiro domingo do mes de outubro.*

No marco do disposto no artigo 4, o Ministerio da Presidencia, coa intervención dos departamentos ministeriais e organismos afectados, coordinará os traballos e estudos necesarios para determina-la conveniencia de establecer unha forma de identificación de cada unha das dúas horas que, de acordo co previsto no artigo 3, corren consecutivamente entre as dúas e as tres horas da madrugada (a unha e as dúas horas da madrugada en Canarias) do último domingo do mes de outubro de cada ano. Por orde do ministro da Presidencia aprobarase a norma que, se é o caso, se determine.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO

Datas de inicio e fin do período de hora de verán dos anos 2002 a 2006

2002: Domingos 31 de marzo e 27 de outubro de 2002.
2003: Domingos 30 de marzo e 26 de outubro de 2003.
2004: Domingos 28 de marzo e 31 de outubro de 2004.
2005: Domingos 27 de marzo e 30 de outubro de 2005.
2006: Domingos 26 de marzo e 29 de outubro de 2006.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4372 *REAL DECRETO 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos ós alumnos de centros escolares.* («BOE» 55, do 5-3-2002.)

O Regulamento (CE) 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, prevé no seu artigo 14 a concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares.

O Regulamento (CE) 1670/2000, do Consello, do 20 de xullo, que modifica o Regulamento (CE) 1255/1999 polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, modifica o dito artigo 14 reducindo o importe da axuda

comunitaria e establecendo a posibilidade de que, como complemento a esta axuda, os estados membros poidan conceder axudas nacionais.

O Regulamento (CE) 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro, que establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) 1255/1999, do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos ós alumnos de centros escolares, reflicte xa o novo importe desta axuda e codifica e actualiza a anterior lexislación comunitaria nesta materia, sendo aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Dado que a Orde do 19 de xaneiro de 1994, pola que se instrumentan as axudas para a cesión de leite e determinados produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares, se basea na regulamentación comunitaria que deixa de ser aplicable, é necesario modifica-la normativa nacional para adecuala á nova regulamentación comunitaria. Por outro lado, determinados aspectos do Regulamento (CE) 2707/2000, da Comisión, deben ser desenvolvidos polos Estados membros nas súas respectivas lexislacións nacionais, tendo en conta, ademais, a experiencia adquirida durante os anos de xestión desta axuda.

O réxime de axudas previsto neste real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, con excepción de Ceuta e Melilla de acordo co previsto no artigo 25.3 da Acta de adhesión de España ás Comunidades Europeas.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios e para unha maior comprensión por parte dos interesados, considérase conveniente transcribir, total ou parcialmente, algúns aspectos da regulamentación comunitaria.

Esta disposición dítase ó amparo da habilitación contida no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2002,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer un réxime de axudas para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos ós alumnos de centros escolares, de conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1255/1999, do Consello, do 17 de maio; 1670/2000, do Consello, do 20 de xullo, e 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios da axuda os alumnos que asistan regularmente ós centros escolares, recoñecidos oficialmente polas autoridades competentes en materia de educación, dos seguintes niveis de ensino regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de orde nacional xeral do sistema educativo:

a) Educación infantil, incluídos os xardíns de infancia ou outros establecementos de educación preescolar, legalmente recoñecidos.

- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio.
- d) Educación especial, recollida no capítulo V da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

2. As axudas serán outorgadas para os períodos de desenvolvemento do curso escolar, e no caso de garderías e centros de educación especial, poderán facerse extensivas ós meses estivais en que permanezan abertos.

Artigo 3. *Importe da axuda.*

1. A axuda concederáse exclusivamente para os produtos recollidos no anexo I e pola cantidade máxima global de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día lectivo, e consumidos nas dependencias do establecemento escolar.

2. O importe da axuda será o establecido, para cada categoría de produto, no artigo 4 do Regulamento (CE) 2707/2000, sen que o seu importe poida supera-lo prezo de venda aplicado polo provedor; nese caso reducirase ata o dito límite.

3. A concesión da axuda estará supeditada a que a vantaxe que representa repercuta directamente nos alumnos dos establecementos escolares. Os órganos competentes das comunidades autónomas fixarán para cada curso escolar, en función do importe da axuda, o prezo máximo que deberá paga-lo alumno para os diferentes produtos previstos no anexo I, podendo modificalo durante o curso escolar en caso de que se produzan modificacións na contía da axuda.

As comunidades autónomas enviaránlle ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), antes do 1 de setembro de cada ano, os prezos que rexerán no seguinte curso escolar, seguindo o modelo do anexo II, para o seu oportuno traslado á Comisión, a través do medio correspondente, de acordo co previsto no artigo 14 do Regulamento (CE) 2707/2000.

4. En aplicación do establecido no número 3 do artigo 2 do Regulamento (CE) 2707/2000, non poderán utilizarse os produtos lácteos subvencionados na preparación de comidas.

Artigo 4. *Solicitantes.*

- 1. A axuda poderá ser solicitada por:
 - a) O centro escolar.
 - b) A asociación de pais de alumnos ou outra organización vinculada ó centro escolar, dentro do seu ámbito de actuación.
 - c) O provedor dos produtos.

2. A axuda concederáse a un solicitante autorizado conforme as disposicións do artigo 5, para a subministración dos produtos lácteos recollidos no anexo I, elaborados na Unión Europea e adquiridos en España.

Artigo 5. *Autorizacións.*

1. Nos casos previstos nas alíneas a) e b) do número 1 do artigo 4, a solicitude de autorización presentarase por curso escolar, ante os órganos competentes das comunidades autónomas que lles correspondan, nos prazos, modelos e períodos establecidos para o efecto por elas.

2. No caso da alínea c) do número 1 do artigo 4, a solicitude de autorización presentarase ante:

a) O órgano competente da comunidade autónoma correspondente e nos prazos, modelos e períodos establecidos para o efecto por elas, cando a subministración dos produtos se realice exclusivamente no ámbito territorial desa comunidade autónoma.

b) O FEGA, cando a subministración de produtos exceda o ámbito territorial dunha comunidade autónoma e segundo o modelo establecido no anexo III.

3. As condicións xerais de autorización serán as previstas no artigo 8, número 1, do artigo 9 e artigo 10 do Regulamento (CE) 2707/2000.

4. O FEGA remitiralles ás comunidades autónomas, para cada curso escolar, a lista de provedores autorizados para subministración de produtos lácteos a nivel nacional. Así mesmo, cada comunidade autónoma remitiralle ó FEGA a lista de provedores autorizados, para cada curso escolar, para a subministración de produtos lácteos nesa comunidade autónoma.

5. Cando unha comunidade autónoma detecte incumprimento por parte dalgún provedor autorizado a nivel nacional, nas subministracións realizadas na súa comunidade, que implique a retirada da dita autorización, esta circunstancia deberá ser notificada ó FEGA, para que este organismo inicie o procedemento de declaración de extinción da autorización. O FEGA comunicará, se é o caso, a resolución correspondente a tódalas comunidades autónomas.

Artigo 6. *Solicitudes.*

As solicitudes de pagamento presentarase ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre o centro escolar beneficiario, segundo o modelo e a periodicidade que aquela estableza, e axustarase ós requisitos establecidos no artigo 11 do Regulamento 2707/2000.

Artigo 7. *Pagamento da axuda.*

1. O pagamento da axuda ós solicitantes que cumpren os requisitos efectuarano os órganos competentes das comunidades autónomas no prazo máximo de catro meses, contados a partir do día de presentación da solicitude, logo de solicitude ó FEGA dos libramentos de fondos.

2. A criterio da comunidade autónoma poderá esixirse que, en caso de que o solicitante sexa un provedor, só se pague a axuda logo de presentación do extracto da conta que utilice exclusivamente para cobrar as cantidades subministradas no marco deste real decreto.

Artigo 8. *Medidas de control.*

1. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garanti-lo respecto ás normas establecidas neste real decreto e no Regulamento (CE) 2707/2000, segundo se establece no artigo 14 do dito regulamento.

2. Co fin de facilita-los controis, os solicitantes da axuda deberán presentar un compromiso asinado polo representante do centro escolar, de non utiliza-los produtos subvencionados na confección das comidas nel, de subministra-los ditos produtos exclusivamente no centro escolar, de que a cantidade de produtos solicitada ós distintos provedores non será superior ó máximo de 0,25 litros por alumno e día lectivo a que ten

dereito o centro e de permiti-las inspeccións físicas sobre o terreo das autoridades competentes.

No compromiso deberase indica-lo número de alumnos do centro, distribuídos segundo o nivel de ensino (preescolar, primario e secundario), censados no centro escolar, así como o número de alumnos que poden consumir os produtos subvencionados no curso escolar para os tres niveis de ensino.

Cando os solicitantes da axuda sexan as figuras previstas nas alíneas a) e b) do número 1 do artigo 4, deberán presenta-la relación de produtos clasificados polas categorías establecidas no anexo I, indicando o fabricante de cada produto.

Cando os solicitantes sexan os provedores, deberán presentar, no prazo establecido polos órganos competentes das comunidades autónomas e para os períodos establecidos por elas, unha relación na que figuren os datos correspondentes ós centros escolares, así como a lista dos produtos que se vaian subministrar a cada centro escolar.

3. Os controis deberán ser obxecto dun informe no que se precise:

- a) O día do control.
- b) O lugar do control.
- c) Os resultados obtidos.

Artigo 9. *Deber de colaboración e comunicación.*

Para efectos de que se poidan comunicar á Comisión os datos previstos no artigo 15 do Regulamento (CE) 2707/2000, as comunidades autónomas remitirán ó FEGA, antes do 15 de outubro de cada ano, as cantidades, distribuídas por categorías de produtos, que foron efectivamente pagadas ós solicitantes durante o curso escolar anterior, segundo o modelo establecido no anexo IV.

Disposición transitoria primeira. *Autorizacións para provedores de ámbito nacional.*

As autorizacións concedidas polo FEGA para os provedores de ámbito nacional en virtude do establecido na Orde de 19 de xaneiro de 1994 pola que se instrumentan as axudas para a cesión de leite e determinados produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares seguirán sendo válidas no marco deste real decreto, sempre que no prazo máximo de tres meses desde a súa publicación se presente ante aquel unha solicitude conforme o modelo do anexo III.

Disposición transitoria segunda. *Comunicación de prezos máximos para o curso escolar 2001/2002.*

Non obstante o disposto no número 3 do artigo 3, para o curso escolar 2001/2002 as comunidades autónomas comunicarán os prezos máximos ó FEGA, segundo o modelo do anexo II, nun prazo de vinte días desde a publicación deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa singular.*

Queda derogada a Orde do 19 de xaneiro de 1994 pola que se instrumentan as axudas para a cesión de leite e determinados produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó amparo do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adopta-las medidas necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Lista de produtos que poden beneficiarse da axuda comunitaria

Categoría I:

- a) Leite enteiro tratado termicamente.
- b) Leite enteiro con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por 100 en peso de leite enteiro.
- c) Logur de leite enteiro.

Categoría III:

- a) Leite semidesnatado tratado termicamente.
- b) Leite semidesnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por 100 en peso de leite semidesnatado.
- c) Logur de leite semidesnatado.

Categoría V:

- a) Leite desnatado tratado termicamente.
- b) Leite desnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por 100 en peso de leite desnatado.
- c) Logur de leite desnatado.

Categoría VI:

Queixos frescos e queixos fundidos cun contido de graxas en peso de materia seca igual ou superior ó 40 por 100.

Categoría VII:

Os demais queixos cun contido de graxas en peso de materia seca igual ou superior ó 45 por 100.

Quedan expresamente excluídos da lista os iogures chocolateados, aromatizados ou con froitas, os iogures líquidos para beber e as sobremesas lácteas.

ANEXO II

Programa de leite escolar

Prezos máximos para pagar polos alumnos nos centros escolares

Comunidade autónoma:
 Órgano competente:
 Curso escolar:

Categoría	Producto	Definición	Prezos (Euros/Kg)
Ia	1.º 2.º 2.º bis 3.º	Leite enteiro tratado termicamente (pasteurizado). Leite enteiro tratado termicamente (os demais) en envase dun litro. Leite enteiro tratado termicamente (os demais) en envases de 1,5 litros. Leite enteiro tratado termicamente (os demais) en envase de 200 cc.	
Ib	1.º 2.º	Leite enteiro con sabor a chocolate ou aromatizado con mín. 90 por 100 en peso leite enteiro. Ídem. Envase de 200 cc.	
Ic	1.º	logur de leite enteiro.	
IIIa	1.º 1.º bis 2.º	Leite semidesnatado tratado termicamente en envase dun litro. Leite semidesnatado tratado termicamente en envase de 1,5 litros. Ídem envase de 200 cc.	
IIIb	1.º 2.º	Leite semidesnatado sabor chocolate ou aromatizado con mín. 90 por 100 en peso de leite semidesnatado. Ídem en envase de 200 cc.	
IIIc	1.º	logur de leite semidesnatado.	
Va	1.º 1.º bis 2.º	Leite desnatado tratado termicamente en envase dun litro. Leite desnatado tratado termicamente en envase de 1,5 litros. Ídem en envases de 200 cc.	
Vb	1.º 2.º	Leite desnatado con sabor a chocolate ou aromatizado con mín. 90 por 100 en peso de leite desnatado. Ídem en envases de 200 cc.	
Vc	1.º	logur de leite desnatado.	
VI	1.º 2.º	Queixos frescos ou fundidos cun contido de graxas en peso de materia seca igual ou superior ó 40 por 100. Os petit suisse e queixos en porcións.	
VII	1.º	Os demais queixos cun contido de graxas en peso de materia graxa en peso de materia seca igual ou superior ó 45 por 100.	

Os prezos virán expresados en euros/quilogramo sumado o IVE vixente e descontada a axuda prevista no Regulamento (CE) 2707/2000.

En caso de que os produtos subministrados se expresen en litros, o prezo deberase definir por quilogramo, para o que se utilizarán as conversións regulamentarias.

ANEXO III**SOLICITUDE DE VALIDACIÓN E/OU AUTORIZACIÓN****Provedor de leite e produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares**

Regulamento (CE) 2707/2000

Datos do solicitante		
Razón social:		NIF:
Domicilio social:		
Municipio:	Provincia:	CP:
Teléfono	Telefax:	
Domicilio industrial ou unidade de almacenaxe:		
Municipio:	Provincia:	CP:
Teléfono	Telefax:	

A empresa da que se consignan os datos e, no seu nome, o seu representante legal, D./D.^a....., con NIF, segundo as facultades que constan na escritura outorgada perante o notario D./D.^a, o día....., baixo o número do seu protocolo e acreditado con poder bastante polo avogado do Estado de, o día

SOLICITA (marcar cunha cruz o que se solicita):

- A validación da autorización como provedor a nivel nacional de leite e produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares.
- A autorización como provedor a nivel nacional de leite e produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares

Os produtos lácteos que vai subministrar son os indicados a seguir, incluídos dentro do anexo do Regulamento (CE) 27007/2000

Categoría	Definición	Fabricante

A empresa comprométese a:

1.º Levar unha contabilidade na que se especifique o fabricante dos produtos; o nome e enderezo dos centros escolares destinatarios deles durante o curso escolar e as cantidades de produtos vendidos.

2.º Someterse ás medidas de control que os órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito territorial das cales estean establecidos os centros escolares, establezan ó respecto.

3.º Subministra-los produtos coas esixencias impostas pola lexislación técnico-sanitaria nacional e comunitaria dictadas para o efecto.

4.º Subministrar produtos lácteos exclusivamente de orixe da Unión Europea.

A empresa DECLARA que coñece e acata a regulamentación que regula estas axudas.

En, a de de

Asdo.:

Sra. Presidenta do Fondo Español de Garantía Agraria.

Documentación que hai que achegar

1. Orixinal da escritura de poder do representante ou representantes legais da empresa.

2. Escritura de constitución da sociedade e alta no Imposto de Actividades Económicas.

3. En caso ademais de ser fabricante dos produtos que se van subministrar:

a) Certificado sanitario e de industria da unidade de fabricación.

b) Certificado da empresa na que se especifique o produto, o seu contido en materia graxa, volume de envase, para a súa correcta clasificación.

4. En caso de ser almacenista e só distribuidor e non fabricante:

a) O certificado previsto na alínea 3.b) anterior das empresas fabricantes dos produtos que vaia distribuír.

b) Rexistro sanitario e de industrias das unidades de almacenamento.

ANEXO IV

Distribución de leite e produtos lácteos ós alumnos dos centros escolares

Regulamento (CE) 2707/2000

Cantidades distribuídas por categorías de produtos que foron efectivamente pagadas ós solicitantes durante o curso escolar de (X1).

Comunidade Autónoma de:

Órgano competente:

Productos	Categoría	Cantidades en miles de toneladas con 6 decimais
Do leite enteiro	I	
Do leite semidesnatado	III	
Do leite desnatado	V	
Queixos	VI	
Queixos	VII	

(X1). Indica-lo curso escolar que se declara.

Remitir ó FEGA antes do 15 de outubro de cada ano.

MINISTERIO DE FACENDA

4916 *REAL DECRETO 206/2002, do 22 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado mediante o Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro. («BOE» 61, do 12-3-2002.)*

A Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, imponse á Administración tributaria o deber de lles facilitar ós contribuíntes o cumprimento das súas obrigas fiscais, de modo que a intervención destes se leve a cabo na forma menos gravosa posible, sempre que iso non supoña un prexuízo para a Facenda pública ou o interese xeral.

O obxectivo de redución da presión fiscal indirecta resulta necesario tanto por razóns de cumprimento da legalidade vixente, en particular os artigos 2.2 e 20 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, como por razóns de carácter técnico, dado que un sistema tributario eficiente debe cumprir co principio de economicidade, de maneira que se reduzan ó mínimo os gastos ocasionados pola xestión e recadación tributaria, tanto para a propia Administración como para o contribuínte.

A redacción ata o de agora vixente do Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, aprobado polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, obrigaba o contribuínte que optaba por practicar autoliquidación a ingresa-lo importe da débeda tributaria na entidade de depósito que presta o servizo de caixa nas oficinas de xestión tributaria da Administración tributaria competente, sen que resultase posible o ingreso a través dunha entidade colaboradora. Este sistema mostrou certas ineficiencias, de modo que resulta necesaria unha modificación normativa dirixida a permitir que a Administración tributaria competente poida admitir-lo ingreso das débedas tributarias a través de entidade colaboradora.

Por outra banda, este real decreto supón o cumprimento do mandato contido no artigo 17 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, que lle engade un número 4 ó artigo 39 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, de modo que se establece o procedemento de fraccionamento do pagamento do imposto naqueles supostos en que o habente causa integra na base imponible unha renda, temporal ou vitalicia, procedente dun contrato de seguro de vida en que o causante era contratante do seguro individual ou asegurado no seguro colectivo. Óptase por esixirle ó beneficiario os pagamentos fraccionados con carácter posterior á percepción anual da renda temporal ou vitalicia.

O desenvolvemento do dereito ó fraccionamento do pagamento do imposto para os perceptores de rendas temporais ou vitalicias derivadas de seguros non obsta a que estes poidan optar pola liquidación parcial do imposto prevista no artigo 35 da lei, caso no que as percepcións das anualidades xa terían satisfeito na súa totalidade o imposto, sen que sexa necesario acudir ó seu fraccionamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2002,